

# cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXIA E MEIO AMBIENTE

DOSSIER FORO ALTERNATIVO:  
AS OUTRAS VOCES DO  
PLANETA  
50 ANOS DE BM-FMI ABONDAN

- MÉDICOS CONTRA A INCINERACIÓN
- CONTAMINACIÓN NAS RIAS  
GALEGAS
- PARQUE NATURAL PARA AS FRAGAS  
DO ELME
- O MEIO AMBIENTE NA COMARCA  
CORUÑESA

ROTEIRO ECOLÓXICO POR TERRAS DE NEIRA DE REI

# A VOZ NATURAL DUN “LABREGO CON ALGO DE POETA” (I)

Emílio Xosé Ínsua

*Asi se autodefiniu quen resulta ser unha das voces fulcrais, cualitativa e cuantitativamente, da poesia galega do noso século, o escritor chairego MANUEL MARIA (Outeiro de Rei, 1929). Bautizado no seu dia como “poeta da Terra Chá” e pulsador aplicado de inumerábeis cordas temáticas e estilísticas ao longo da sua trintena longa de libros publicados, o noso Manuel Maria amosa na sua obra unha profunda identificación vital coa natureza e un amor xeneroso pola Terra que imos tentar divulgar a través desta nova entrega de “A Natureza na Literatura”. Vaia a xeito de homenaxe colectiva do ecoloxismo galego a quen ten dito, con ese sentido do profundo que o caracteriza: “seime un pequeno anaco da Terra Chá animado e feito home”.*

**A**lguns estudosos da obra de Manuel María teñen reparado desde ben cedo nesa presenza persistente e amábel do natural na sua poesía. En particular, o profesor Claudio R. Fer ten distinguido na poesía do noso autor unha espécie de “macrociclo” ou “conxunto”, que califica de “etnopaisaxístico” e que tería começado a manifestarse con ocasión da saída dos prelos do poemario Terra Chá, no ano 1954. Pola nosa banda, cremos que, sen negar validez a esa distinción, hai que considerar a comuñón coa natureza como unha auténtica “corrente de fondo”, como un sustrato anímico-afectivo se se quixer, presente en toda a poesía manuelmariá, inclusivamente naquela que, en aparéncia, está más afastada de preocupacións naturistas ou paisaxísticas. Apenas si hai un poemario de Manuel María onde non se faga presente a natureza, quer como tema focalizado, quer como “dispensário” de pequenos elementos que “veñen a conto” por moi diversos motivos (unha metáfora, unha comparación, un estado anímico, un sentimento, etc.). Poucos poetas galegos teñen feito con tanta frecuén-  
cia de animais, árbores, tipos de plantas, paisaxes, etc., o obxecto da sua inspiración, nun intento (en palabras de Claudio R. Fer) de “poetizar a cultura material dunha Galiza rural e interior”. Mais isto non significou unha queda no pseudo-enxebrismo paisaxístico, alienante e auto-suficiente, tan en boga nos anos de posguerra. O próprio Manuel María atacara sen contemplacións, como comprobamos nestes exemplos que seguen.



En primeiro lugar, Manuel María cre que o canto á paisaxe en si mesmo non pode satisfacer todas as necesidades do ser humano, nem consolar todas as suas anguiñas:

“Non abonda a frol,  
nin a estrela,  
nin a canción do paxaro  
cando o pó noxento -terra inmundan-  
nos lixa ó longo do camiño sin senso que é a vida.”  
*Advento (1954)*

Hai, en segundo lugar, un esforzo do noso poeta por combater os tópicos, por “desmitificar” aqueles elementos preferidos dun certo tipo de poesía cursilizada; así, p. ex., a flor da azucena:

“A azucea non é pura e ten seu lixo:  
ó fecundar deixou de ser virxinidade.  
Eu ben sei que algún poeta ó saber esto

chorará(..)

**Eis o meu mensaxe. Vivide.**

**Sin azuceas, sin luas, sin andrómenas."**

*Documentos persoaes (1958)*

ou mesmamente a lua, tan grata aos románticos...:

"A lúa é un vello artefacto, podre e noxento,  
que amortalla coa súa palidez de enmascarada  
os saloucos das adoescentes cursis.

**A lúa é un vello corazón que non latexa(.)"**

*Morrendo a cada intre (1952)*

En terceiro lugar, Manuel María intenta desenmascarar aquilo que agochan certos versos louvatorios para a muller galega, construídos sobre a base das comparacións cos elementos da paisaxe:

"É criminal, no tempo que corremos,  
comparar a muller e más a frol  
cando as mulleres de Galicia  
teñen que emigrar(.)  
non ten a pel de lilio ou azcea(.)  
tampouco a súa sorrisa é  
un raio de sol na primaveira"

*Remol (1970)*



Deuxo de Isaac Díaz Pardo, incluído na 4ª edición do libro *Terra Chá* de Manuel María.

Este afán desmitificador, desenmascarador, ainda se estende e toca de cheo o discurso, supuestamente "lírico", construído desde os despachos do Ministerio de Información e Turismo na era Fraga Iribarne sobre a "esquina verde do noroeste peninsular": a Galiza do atraso, da represión e da riada emigrante ficaba oculta tras un manto verbal de loubanzas á paisaxe e de reclamos para o turismo:

"A lírica serán e o mar inmenso.  
O verde dos lameiros, as bateladas  
enchendo de paz- fermoso cadro-  
a xeorxísima calma das campías.  
A nosa paisaxe- ¡qué mágoa non  
podela enlatar como as sardiñas!-  
que non pode admitir comparanza  
con outra paisaxe, por moi fermosa,  
grandiosa e garimosa que ela sexa.  
Hai que dicir sempre non, non  
e non a tanto tópico que afoga,(.)"

*Proba documental (1968)*

A conclusión de Manuel María explicita-se sumariamente nestes versos:

Vive coa xente nas rúas,  
esquence froles e lúas(.)  
Ti respiras, vives, comes:  
¡ponte do lado dos homes  
e non do da primaveira!(.)

*Versos pra cantar en feiras e romaxes (1969)*

Nada más lonxe da verdade que deducir dos versos anteriores unha minusvaloración ou un desleixo pola natureza. Estamos diante da reacción indignada dun poeta que comproba como algo íntimo e seu, (e ao tempo comunal) está a ser utilizado espuriamente, como "tapadeira" ou "narcótico" de situacións sangrantes que afectan a Galiza e aos galegos nesa época. Son tempos de ditadura. E o noso poeta acudirá á ironía e á burla para deixar en evidencia a arbitrariedade e a prepoténcia exercidas desde o poder totalitário e centralista. Non puido ocorre-lle ao Manuel María outra solución que enfrentar nos versos as "fantochadas" dos elementos de "ordeno e mando" cunha forza invencíbel, indomeñábel, que mantivese intacta a liberdade e a dignidade: a natureza. Daí o efecto de versos como estes:

"Prohibese, por orde da Alcaldía,  
que medren porque sí  
as rosas do xardín municipal.  
Dende agora as pombas teñen  
que pedir licencia pra voar(.)  
Están fora da Lei  
as estrelas, a Primaveira,  
as froles i os paxaros(.)"

*Documentos persoaes (1958)*

# A NATUREZA NA LITERATURA

Tamén certa ironía contra os estamentos academicistas da cultura galega se deixa entrever nestoutros versos:

**"Eu comunicolle a vostede, señor Merlo(.)  
que non lle diga a ninguén o seu cantar.  
Vostede non ten licencia da Academia  
e non se pode cantar sin más nin más."**

*Documentos persoaes*

E sen abandoarmos esta veta irónica, vexamos como Manuel María pon en solfa o (suposto) ecoloxismo oficial do Réxime:

**"Apareceu un pombo suicidado.  
Aforcouse onte pola noite  
na ponla fróliña dun cereixal(.)  
I oxe ó seu enterro asistirá,  
vestida de loito riguroso,  
a Sociedade Proteutora de Animás."**

*Documentos persoaes*

No poemario Odes num tempo de paz e de alegria, publicado en Porto no 1972, Manuel María culmina maxis tralmente este proceso de ironización sobre as cousas, presentando-nos en verso un perfeito "mundo ao revés". Paga a pena reproducir estes fragmentos que tocan o tema da degradación medioambiental e do abandono da terra:

**"Galicia é un paraiso, un xardin  
cultivado con cencia e con beleza.  
Non se ollan, por ningunha banda,  
ortigas, hedras, silveiras,  
cardos, toxales ou codesos.  
Tampouco hai campos ermos(.)"**

*"Oda pesimista ó meu país"*

**"Non coñeo nada máis delicioso  
e máis humán que as grandes  
cidades, emporios de riqueza,  
de cultura, de solidariedade,  
de igualdade, de desintrés,  
de auténtica irmandade(.)  
hai grandes espacios verdes,  
non se ven fumes, a xente vai  
sossegadamente ó seu traballo,  
eiquí sobran prisas, timbres  
semáforos, bruídos, teléfonos,  
os paxaros andan polas rúas  
misturados con autos e persoas,  
o tráfeo é fluído e moi doado,  
o río está limpo coma a prata,  
non hai que soportar molestias,  
o silencio é perfeito, o ar purísimo  
sin rastro sequer de polución,  
as albres i as roseiras medran  
no meio das calzadas libremente(..)"**

*"Oda ás grandes cidades"*

Un último exemplo desta técnica irónica do noso poeta, con elementos da natureza empregados como matéria prima dos versos, temo-lo nun dos poemarios más "políticos" da sua traxectória: Cantos rodados pra alleados e colonizados (1976). Nunha composición titulada (note-se a retranca) "Poema romántico", lemos o seguinte:

**"Hai moitas variedás  
de cás,  
dende o can de palleiro  
ó petiso faldeiro,  
contando ó perdigueiro.  
Pero hai unha clas  
arrepiante:  
é o gran capital  
multinacional  
dos norteameri-CÁS  
que ri por dediante  
e roe por detrás".**

Mais o Manuel María non esgota nesta veta a sua faceta de escritor naturista. É poeta tamén de olladas amábeis sobre o mundo, de identificacións sentidas, de emocións ante a paisaxe, de compromiso ecoloxista. Veremo-lo no próximo número de CERNA. ■



Deuxo de Díaz Pardo que ilustra o poema CAS, pertencente á 4ª edición do poemario Terra Chá.

# cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

PRIMAVERA 1995 • núm. 14 • P.V.P. 400 Ptas.


Dossier  
**HISTORIA E ALTERNATIVAS  
PARA OS CAMIÑOS DE  
FERRO DE GALICIA**

- ◆ **IMPACTO AMBIENTAL DAS AUTOESTRADAS, S.O.S.**
- ◆ **DE GUIXAR A CERCEDA: DO LIXO AS DIOXINAS**
- ◆ **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR CONTRA A INCINERACIÓN**
- ◆ **A MORTE DOS BOSQUES**
- ◆ **PRESENTE E FUTURO DOS ANCARES**

## MANUEL MARIA: A VOZ NATURAL DUN "LABREGO CON ALGO DE POETA" (II)

Por Emilio José Ínsua

Continuamos o achegamento á poesía de Manuel María que iniciámos no número anterior. Acrescentaremos nesta entrega novas mostras da fortísima implicación que todo o relacionado coa natureza posue na sua obra



Retrato de Manuel María feito por Xoán Carlos L. Blanco e incluído como ilustración na *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*. Edicións Xerais, Vigo, 1982.

Manuel María escolle como interlocutora para dicer o seu adeus, non por azar, á estación onde a natureza se amosa máis viva:

"É tempo xa de que me despida, Primavera.  
Queda lonxe aquela edade na que  
eran irmaus os nosos mencerces (...)  
agromaban rosas, camelias, carabeles,  
a vida tiña unha esencia musical  
a cuio máxico son corrián os ríos,  
danzaban, rumorosas, as florestas  
e ordenaba o seu curso o universo.  
De ti me despido pra sempre, Primavera.  
Sei que o tempo é irreversible  
e non vale de nada andar laiando.  
Ameite fondamente e de verdade (...)

Só che pido  
unha raiola de sol e de alegría pra aquecer  
a este meu triste corazón, vello e cansado."

A primavera de Venus (1993)

Manuel María botou man da natureza no poemario *Libro de pregos* (1962) para exprimir a sua dor con ocasión da desaparición física dun irmao seu. A morte, nestes versos, concibe-se, antes que nada, como un abandono do marco natural onde decorria a existéncia:

"Irmau: ¡deixache o po destes camiños  
i o corazón prendido nas silveiras  
escoando ledicias e orballos! (...)  
¡Deixache o gando i os paxaros,  
o marmurio calado do pai Miño,  
a quietude infantil do noso pobo  
i a gracia xentil das centeeiras!. (...)  
¡Agora estás con Deus, sobor da terra,  
e pódeslle pedir a Deus tódolos paxaros!".

Outras veces o ton tristeiro desta espécie de despedidas vitais de Manuel María aparece mitigado por alguma esperanza. A existéncia de dous seres humanos que se amaron prolongará-se tomando forma de bris e integrando-se harmonicamente na natureza:

(...) Envelleceremos xuntos  
e, cando chegue a hora de partir,  
o noso amor non morrerá:  
hase transformar no bris lixeiro  
que en maio canta emocionado  
na escura folla das abelairas  
ou no sol ourilocente do Outono  
que bica ás carballeiras docemente".

Poemas da labarada estremecida (1981)


Nestas horas de reflexión e balanzo, de botar contas coa propia existencia, atopa o Manuel María nese amor da sua compañeira, Saleta, e no disfrute da natureza os seus saldos positivos más valiosos:

"Agora que entrei no propio Outono  
camiñando amodo pró solpor (...)  
Non teño tesouros e son dono  
da estrela, do orballo, do albor,  
do incansable regueiro cantador,  
dos furacás, dos mares e dos tronos".

Nos Versos do lume e do vagalume (1982) o noso poeta deixa constancia explícita da sua vontade cando chegue a hora da derradeira viaxe, rexeitando a alternativa da incineración:

"Nom quero que o lume  
destrua e anique  
a minha carne  
na que, ás vezes,  
cantou namorada  
a cotovia.  
Somente som terra.  
Só desejo ser terra,  
misturar-me coa terra,  
perder-me, confundir-me  
no silencio da terra.  
E pido-lhe,  
com todo o meu ser,  
á terra minha mai,  
que seja gentil comigo."

# A natureza na literatura



Idéntico tema aborda no libro **Escolma de poetas de Outeiro de rei** (1982), concretamente no poema que leva por título "Testamento". Nel, Manuel María reitera o seu desexo de comuñón final coa terra:

"Enterrádeme en Outeiro  
que quero escoitar o Miño  
co seu paso silandeiro  
nos prados de Xuncaíño (...)  
ollar como nace a herba  
e oír ó cuco en abril (...)  
contemprar a lúa noiva  
e ollar espigar os trigos (...)".

Non directamente relacionados coa presenza intuída da morte ou co outono da vida, pero igualmente marcados pola tristura e o desamparo son aqueles versos do escritor chairego onde se fai patente a sua necesidade de sentir-se integrado na natureza e agarrado polos seus elementos. Un bo exemplo disto é o poema "Desalento", pertencente a **A luz ressuscitada**:

"Cando as árvores me negam a fala  
e o río emudece ao meu passo,  
e non me olham os penedos,  
e nuves e estrelas estám foscas,  
e fogem os páxaros,  
e non treme a terra, levemente  
jubilosa, debaixo dos meus pés  
sinto que todo o universo  
perdeu o equilibrio e a harmonia (...)"

As tristezas interiores dominan en ocasións o corazón do poeta, até o punto de que este vira incapaz de perceber a beleza do mundo, de regalar-se coa fermosa visión da natureza adornada en cada sazón:

"Os meus usados olhos som incapazes  
de contemplar os delicados  
e esvaídos ouros do outono,  
o verde nédio azul da primavera,  
as luces excessivas do estio  
e os enluitados grises do inverno.  
Agora a minha olhada sempre está  
aberta cara adentro (...)"

**Versos do lume e do vagalume (1982)**

Superando estes intres de relativo alleamento a respecto da natureza, Manuel María fai abondosas declaracíons de integración nela e de comuñón cos seus elementos. Unha delas é esta:

"(...) "Proclámome irmau dos castiñeiros,  
das xestas, dos toxos, dos camelios,  
das abidueiras, teixos e carballos  
pois alumounos a mesma luz grisenta,  
iguales choivas nos luiron  
e un idéntico vento conferiuños  
o outo don da vida e o da palabra".

**Ritual pra unha tribu capital de concello (1986)**

Moitos deses elementos naturais son vistos polo noso autor cun espírito diríamos franciscano, ao xeito de boa parte da producción poética de Noriega Varela. O noso Manuel María chega a definir-se, no libro **Documentos persoaes** (1958), como "unha humilde folla que salaia / na noite escura movida polo vento". A presenza no mundo e arredor de nós das más pequenas criaturas cobra un valor inmenso nos seus poemas. Dan fe disto versos como os pertencentes ao libro **Compendio de orballos e incertezas** (1991), concretamente á "Baladiña do regato do Cepelo", poema onde Manuel María se identifica co pequeno río que atravesa o seu Outeiro de Rei natal:

"Sei que eu non son un río caudal  
como o Pai Miño, senón breve,  
humilde vea de auga  
como o pobre regato do Cepelo  
que vai entre carpazas, toxos,  
freixos, abidueiras e ameneiros  
dicendo a sua canción emocionada  
por que sexa menor este silencio  
que, como unha mesta tebra,  
intenta envolver a todo o mundo (...)"

O prodígio da natureza, renovando-se cada primavera, dando froitos, rodeando imperceptiblemente e sen aspaventos notórios o noso viver é cantado polo Manuel María en versos como estes de **O libro das baladas** (1978):

# A natureza na literatura

"A ras de chao, con pés ben chantados no torrón, imos vivindo i ás veces acontece que frolece unha mazaira, que canta prodixiosamente unha laverca, que unha nogueira dá noces, que o bris menea ás abelairas, que o vento pasa asubiando i a formiga que puxa coa súa carga. A ras de chao balan as ovellas, as égoas rinchán chamando polos poltros, as vacas pacen lentamente, os cervos rebrincan polos boscos, o aire é navegado polas pombas, as xovencas reloucan polos prados, chirlan agudamente as anduriñas (...)"

ou como estoutros da "Ode ao nacemento dunha folla", incluída no libro **As lúcidas lúas do outono** (1988):

"¿Qué cantidade de maravilla  
foi precisa pra que  
se produxera este prodixo?.  
¿Qué dor ou que alegria  
sentiu a arbre  
cando esta folla  
xurdíu á luz de súpeto?.  
¿Qué lle diría o vento  
cando a ollou?.  
Cando se menea e vibra:  
¿Qué sagredo ou mensaxe  
nos quere transmitir?.  
¿Cómo e de qué xeito  
tivo que adelgazar a terra,  
rubir arbre enriba, facerse  
vidro musical e transparente  
e ser delicada folla estremecida?."

No libro **A luz ressuscitada** hai poemas adicados ás más diversas criaturas, desde as más maxestuosas ás más pequenas, desde as más indómitas ás más cotiás: o cervo, a doniña, o boi, o can, o gato, o raposo, os peixes, a toupa, o vagalume, o lobo, a bolboreta, a rula, o rouxiñol, a gaivota, a laverca, a andoriña ("flor do ar"), o corvo, a lavandeira ("páxaro de passos/ miúdos e nervosos, a correr,/ com medo apresurado, detrás do arado/ que abria a terra moura e tépeda/ pra sementar o centeio polo Outono") e, finalmente, as pombas:

"Irrenunciáveis pombas que voávades  
no horto familiar da minha infancia:  
íades da figueira á maçaira;  
do cedro, ao pexegueiro e ao loureiro,  
ao mirto, á cerdeira ou á pereira.  
Sulcávades o ar e, ao vosso passo,  
deixávades um ronsel açucarado  
de brancura inocente (...)

Este proceso de identificación do poeta con todos os elementos da natureza que o rodean chegará finalmente á sua quintaeséncia no poema titulado "*Home*":

"Os meus pés som carvalhos poderosos  
enraizados no chao mui firmemente.  
As maos convertem-se em pombas (...).  
Mágico vale é o meu peito  
cruzado de escusados, fondos rios (...).  
O coração é um vulcán  
aceso polo lume do amor.  
Da fontela dos meus beiços  
agromam palavras musicais  
que surdem da terra como a agua.  
Os olhos como estrelas cintilando (...).  
E a minha testa é alto monte  
coroad de nuves e de neves  
onde as calandras cantam livremente".

## A luz ressuscitada


Debuxo de Felipe Senén, incluído como ilustración no libro de Manuel María *Poemas de labarada estremecida*, Edicións Xistral, Santiago 1980.



# cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

VERAO 1995 • núm. 15 • P.V.P. 400 Ptas.



- ◆ **TODOS CONTRA A INCINERACIÓN**
- ◆ **ROTEIRO POLA PENÍNSULA DO BARBANZA**
- ◆ **A RECOLLIDA SELECTIVA EN ORIXEN**
- ◆ **MOUGÁ, ENTRE A REALIDADE E O DESEXO**

# A natureza na literatura

MANUEL MARÍA:

## A VOZ NATURAL DUN 'LABREGO CON ALGO DE POETA" (III)

Por Emílio Xosé Ínsua

Tornamos hoxe a deitar atención sobre a poesía do Manuel María na sua vertente crítica. Desta volta, o tema non é outro que o deterioro medioambiental que sofre Galiza, ante o que non pode nen quer permanecer calado. Tamén falaremos do uso de elementos naturais con valor simbólico negativo na súa poesía.

Seguramente é o Manuel María un dos primeiros poetas galegos que incluiron, entre os motivos da sua inspiración, o da natureza agredida ou degradada. No cultivo desta vertente combinará o noso poeta diversas cordas: a diatriba contra os responsábeis, o ton elexíaco, a ironia e a acedume na denúncia, a reflexión pesimista ou, finalmente, o chamado explícito para unha nova sensibilidade, para un ecoloxismo activo de todos nós.

Ilustración do libro de Manuel María "Ritual pra unha tribu capital de Concello" (Ourense, 1986), obra de Felipe Senén.



No seu poemario más recente, *Poemas para dicirlle a duas lagoas*(1994), Manuel María inclue este lamento-maldición pola perda de enclaves naturais emblemáticos da sua terra natal:

"Lagoa de Cospeito: no nome do proveito  
levaron a tua auga, secaron o teu leito.  
-Maldito sexa. (...)  
Lagoa de Cospeito: aquel que te secou  
¡que teña o mesmo fin que a ti che dou!  
-Maldito sexa."

Non é un exemplo aillado. A degradación medioambiental, mesmo en entornos urbanos, subleva o ánimo do noso poeta. A acedume na denúncia contra a actitude depredadora dos especuladores verte-se sen trágola nos versos deste poema, incluído en *Compendio de orballos e incertezas* (1991):

"Decídeme, planificadores da morte  
do antigo engado das cidades,  
se vos semella que ainda  
non destragástedes dabondo  
a media lúa máxica da  
fermosísima badía de A Coruña (...).  
Aconséllovos que rematedes de vez  
con toda a ría. Así poderedes  
ir, nos vosos autos importados,  
dende o Castelo de San Antón  
deica Gandarío e Santa Cruz,  
lugares apropiados pra erguer  
nucleares, fábricas de cemento,  
refinerías, vertedeiros de lixo  
e celulosas:  
a única paisaxe  
que vos merecedes e queredes".

Hai un lugar para o pesimismo no corazón do poeta ante o patente virar de costas á natureza da Humanidade e, tamén, ante o trunfo aparentemente irreversíbel dos valores da barbárie, a destrución e a manipulación:

"Neste tempo de crise, cruel e miserento;  
de inautenticidade perfumada de lírio,  
de criminais manipulações escandalosas,  
de promoçom comercial e de mentira,  
de quebra de valores e feroz agressóm  
á escusada intimidade do home:  
quem sabe escutar a voz do vento,  
entender a lingue dumha flor,  
olhar a beleza da terra e das estrelas (...) ?."  
A luz ressuscitada (1984)

A tristura provocada, entre outras razóns, pola situación do país, polas miserias cotiás ou polas conductas de determinadas persoas impiden-lle ao noso poeta:

"saudar con gozo  
á primaveira,  
nin escoitar ó cuco  
por abril

# A natureza na literatura

nin ollar as froles  
polo maio(...),  
descifrar  
o mensaxe de amor  
que canta o río (...).

**Aldraxe contra a xistra** (1973)

Con aquel discurso irónico e de "mundo ao revés" que xa temos constatado noutros poemas, Manuel María arremete contra as visións sesgadas e parciais sobre a realidade paisaxística do país. Frente á Galiza sempre verde e de estampa turística que certa literatura pregoaba, o poeta chairego lanza o seu embite:

"Facé delle poesía urbana e intimista,  
¡ouh requintadas anteas da parvieira infinda!  
á fermosa contaminación dos ríos,  
ás cómodas corredoiras aldeás,  
ó progresista candil de gas ou de carburo,  
ós útiles plásticos tirados nos camiños (...)"

**Catavento de neutrós domesticados** (1979)

ou canta, transgresor, a sua particular "ODA Á BELEZA":

Esploro o mundo soterrado das cloacas,  
o reino luminoso das alcantarillas,  
o país farturento dos desaugues  
e incluso a fértil a turística rexión  
na que se queima a porcallada  
que, cada día, espulsan as cidades,  
como noutro tempo facían  
cos gafos, apestados e chagados.  
¡Ouh requintados poetas líricos lilí  
e burgueses aspirantes a aristócratas!:!  
este planeta de ratos e cheirumes  
é unha realidade esterior e ouxetiva  
e por eso mesmo, xa é fermosa (...)."

Este recurso á ironización até límites grotescos está moi presente no xa citado poemario **Catavento de neutrós domesticados**. Neste libro hai un poema titulado "*Plano descriptivo do país de Babia*" no que MM enumera características certamente peculiares, de xinea surrealista: tal país está habitado por muricegos brancos, nel a xente aliméntase de escarabellos, as pombas son apuñaladas, as galiñas más vellas son usadas como máquinas de facer café exprés, os esqueletes das sardiñas soñadoras teñen que pagar tributos á facenda pública... Ao mesmo libro pertencen a oda anterior e más estes versos:

"¡Pódese comparar o confortante cheirume  
do cadavre dun ourizocacho, dun gato  
ou dun can, ós que suicidaron as rodas  
dun automóvil que iba a 205 km. hora,  
co recendo das inocuas froliñas  
que están como aparvadas na campía  
emporcallando a pureza da paisaxe  
coas súas inesplicables cores complicadas?  
As tripas dun galo devoradas polos corvos,  
as moscas voando como aviós familiares (...)


os tenros plásticos abandoados,  
o medo e a gracia dunha rata que fuxe,  
os infindos matices metálicos do zurro,  
o cromatismo de pudrideiros e esterqueiras,  
a variedade, mesta e viscosa, das cloacas,  
o bruído xentil das alcantarillas adiviñadas (...)  
Existe un mundo de mercurio e desperdicios,  
habitado por vermes cegos, microbios infeuciosos,  
virus mortíferos e outras cousas semellantes (...)  
mundo sin cromos,  
sin cursis paxariños chiando enfebrecidos  
arpexios de amorciño azucarado".

Nalgunha ocasión Manuel María reaxe ao desánimo e á indignación recorrendo a un discurso poético que establece a superioridade do natural fronte ao tecnológico:

"As abellas, sempre tan atafegadas,  
con tan poucas horas libres as probiñas,  
son mellores e más eficaces calculadoras  
que as computadoras eletrónicas  
i é preferible ollar como voa un reiseñol  
que contemplar o vo dun concord  
ou doutro avión de características semellantes (...)  
que os cantos dos grilos son más maravillosos  
que os anelos que cinguen ó planeta Saturno,  
que o brado dunha vaca ten unha tenrura  
que naceu no comezo do mundo (...)."

**Informe para axudar a alcender unha cerilla**  
(1973)

Ilustración de Xurxo Fernández, incluída no poemario de Manuel María "Compendio de orballos e incertezas" (Santiago, 1991).



# *A natureza na literatura*

Noutras ocasións, en cambio, a reacción de Manuel Maria afinca-se nunha sinceridade expresiva que rebo- sa contundéncia, como se fose necesario voltar ás pala- bras directas, primárias, para dicer verdades coma puños:

"ódio os fumes mestos, cheirentos, nojentos, impuros, agressivos, contaminantes e mortais (...)."

## A luz ressuscitada

Dicíamos arriba que Manuel Maria ten utilizado elementos da natureza como símbolos con carga negativa nos seus poemas. Vexamos agora alguns exemplos. En primeiro lugar estarían os elementos meteorolóxicos. A tronada metaforiza neste versos a carencia de liberdade do país:

"Na nosa terra sempre, sempre trona  
e caen raios e centellas a Deus dar.  
A tronada é teimosa, machacona:  
non ten traza ningunha de amainar.  
Hai séculos que trona. A tronada  
é cada vez más forte, más escura.  
E nós eiquí, sós, sin facer nada,  
revertendo caraxe e más tristura (...)

Canciós do lusco ó fusco (1970)

Nos versos que seguen, os elementos meteorolóxicos representan, xunto con determinados animais, os factores que erosionan esa casa simbólica, o fogar communal dos galegos:

"Temos que erguer  
de novo a nosa casa,  
agora petada pola  
choiva; combatida  
pola neve,a xistra  
i a xeada; coberta  
de hedras e de silvas;  
habitada por ratos,  
raposos, corvos,  
choias, curuxas  
e morcegos. (...)"

Versos pra un país de minifundios (1969)

En *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (1973), Manuel María xoga á ridiculización dos discursos das autoridades e políticos franquistas mediante a homologación das suas voces cos sons producidos por alguns animais:

Outros moitos animais aparecen simbolizando as cousas negativas: Piollo Zugador, Verme Repelente, Sapo Noxento, Raposa Taimada, Lumigacha Babosa e Despreciable, Pinchorra Veleñosa...son, entre outros, exemplares dunha "fauna" contra a que os verdadeiros seres humanos teñen de loitar. Os tecnificados, os despersonalizados, os humanos prototípicos do mundo moderno amosan tamén unha faciana animalizada, en consonáncia coa natureza degradada que os rodea:

"Ollei ratos falando  
por teléfono. Ollei  
coellos disfrazados  
de anduriñas. Ollei  
millós de poluciós  
vestidas de etiqueta.  
Ollei ríos comestos  
pola lepra e nubes  
róidas polo cancro (...)"

Aldraxe contra a xistra (1973)

Este recurso de Manuel María, a “zooloxización” de determinados arquetipos humanos negativos, aparece perfeitamente reflectida nestes versos de **O libro das baladas** (1978), cos que rematamos:

"Doce némigo meu, pequena cascuda  
que intentas roer os meus poemas (...).  
Tenro nemigo meu, pequena pulga  
que tentas zugar o meu sangue roxo (...).  
Maino nemigo meu, pequena teipa  
que andas a furar nunha terra  
que non hai (...).  
Garimoso nemigo meu, pequeno rato  
de ollos acesos que, nas tebras,  
andas espreitando os meus fallos (...).  
Cordial nemigo meu, pequeno can,  
cadeliño que ladras con carraxe  
contra min nas tertulias de café (...)."

Debuxo de Joán Grisán Seixas que ilustra os “Versos do lume e o vaga-lume” (Ourense, 1982), de Manuel María.

